

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PORTOS DE GALICIA**

*CÉDULA do 8 de novembro de 2017 pola que se notifica o acordo de inicio de procedemento administrativo sancionador do expediente 14-07-17-37.*

De conformidade co disposto nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC), notifícase ao denunciado cuxos datos persoais e último domicilio coñecido se mencionan no anexo, mediante a publicación no *Boletín Oficial del Estado*, o acordo de inicio do procedemento administrativo sancionador por presunta infracción do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación no domicilio.

Así mesmo, este anuncio publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, ben que a eficacia do acto notificado quedará supeditada á súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

O órgano competente para a resolución do expediente é o director do ente público, de acordo coa tipificación e coa contía da sanción, e en virtude do disposto no artigo 39.1.a) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que aproba o Regulamento do ente público Portos de Galicia.

De acordo co artigo 64.2.f) da LPAC, dispón dun prazo de quince (15) días contado desde o día seguinte ao da publicación do presente acordo para formular alegacións e, de ser o caso, propoñer proba ante o instrutor, concretando os medios de que se pretenda valer e citando o número de expediente.

Así mesmo, e con anterioridade ao trámite de audiencia, poderanse formular alegacións e achegar os documentos que se consideren convenientes.

De non efectuarse alegacións no prazo antes mencionado, este acordo, por aplicación do establecido no artigo 62.2.f) da LPAC, será considerado proposta de resolución.

Se recoñece voluntariamente a súa responsabilidade, resolverase o procedemento coa imposición da sanción que proceda.



Poderase pagar voluntariamente a multa cunha redución do 20 por cento sobre o importe da sanción proposta, mediante o ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (Banco Sabadell/Gallego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BSCH e Abanca), utilizando o modelo de impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia e presentándoo en calquera entidade bancaria; o pagamento reducido comporta a renuncia a formular alegacións, a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución e a imposibilidade de interposición de recurso en vía administrativa.

Por outra parte, dispón dun prazo máximo de dez (10) días contado desde a publicación do presente acordo para identificarse, no caso de que non fose vostede o condutor do vehículo na data e na hora da denuncia, indicando o seu nome, apelidos e documento nacional de identidade, así como o domicilio para os efectos de notificacións. Responderá vostede persoalmente cando non sexa posible a dita notificación por algunha causa que lle sexa imputable e, igualmente, cando se oculte información ou a facilitada sexa falsa ou deliberadamente incorrecta.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

José Ignacio Villar García  
Director de Portos de Galicia

#### ANEXO

Expediente Matrícula Denunciante	Denunciado Último enderezo coñecido	Feito denunciado Data-hora-porto	Precepto infrinxido	Precepto sancionador	Sanción proposta
Sanc. 14-07-17-37 1581-CBB Gardapeiraos	Ángel Shtmelyn Montero Montero R/ Misericordia, nº 41, entrepilanta 27850 Viveiro (Lugo)	Estacionamento prohibido. 9.8.2017; 9.48 horas; Celeiro-Viveiro (Lugo)	Art. 306.1.a) do RDLex. 2/2011 TRLPEMM Arts. 17 e 64 da OM do 12.6.1976	Art. 312 do RDLex. 2/2011 TRLPEMM	90 €

